



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es

sede electrónica: sede.abegondo.es

endereço electrónico: correo@abegondo.es

Bases de selección de persoal laboral temporal para a contratación de traballadores para a participación na prevención e defensa contra incendios

Tomarase como base o CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR E O CONCELLO DE ABEGONDO PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA para o ano 2013 asinado polo Concello de Abegondo e a Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia.

Xustifícase a necesidade de cubrir as prazas que figuran na cláusula segunda do convenio de colaboración por medio dun contrato temporal vinculado ao citado convenio, por ser insuficiente o cadro de persoal municipal para desenvolver as funcións e tarefas obxecto da contratación e o desenvolvemento do devandito convenio.

Para o presente proceso selectivo serán de aplicación las Bases xerais para a Selección de Persoal Laboral Temporal aprobadas polo **Pleno municipal en sesión celebrada o un de agosto de 1998**, coas seguintes características específicas:

1. Os principios de **publicidade** e concorrencia, tendo en conta a natureza da orde de convocatoria, teranse por cumpridos mediante a publicación dun anuncio nun diario de gran difusión no ámbito de actuación do Concello e a sede electrónica do Concello.

2. **Procedemento de selección** : concurso de méritos, xustificado nas características específicas e singulares do posto de traballo

3. Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos xerais conforme ó artigo 56 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por lei 7/2007 de 12 de abril (BOE número 89 do 13 de abril de 2007):

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría a que se opte. O que se acreditará co certificado médico específico para o posto de traballo en cuestión e unha proba física no proceso de selección.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nen ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- Posuír a titulación esixida.





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es

sede electrónica: sede.abegondo.es

endereço electrónico: corre@abegondo.es

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán prever a selección dos empregados públicos debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas Comunidades Autónomas que gocen de dúas linguas oficiais. Para o caso do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados, estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do empregado público.

4. En caso de presentarse varios/as candidatos/as para o posto, será proposto/a polo tribunal e posteriormente nomeado polo alcalde, os/as candidatos/as que obteñan unha maior puntuación no concurso de méritos, de acordo cos méritos específicos descritos a continuación para o posto. Para estes efectos requiriráselles aos/as candidatos/as a acreditación dos requisitos necesarios ou dos méritos previstos para a súa praza, por medio da documentación orixinal ou fotocopia compulsada .

5. A acreditación da titulación académica, realizarase mediante a presentación de orixinal ou fotocopia compulsada dos títulos ou certificación de ter realizados todos os estudos necesarios para a súa obtención. Serán válidas as titulacións expedidas pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados.

6. A realización de cursos, mediante orixinal ou fotocopia compulsada dos títulos ou certificados, nos que conste o número de horas de duración. Para a súa valoración deberán ter sido impartidos pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados.

7. A acreditación do tempo traballado, realizarase mediante certificado de empresa acreditativo ou fotocopia compulsada dos contratos de traballo e a través de certificado ou informe de vida laboral da Seguridade Social ou no seu caso do colexio profesional que corresponda.

8. As instancias presentaranse coa documentación acreditativa dos requisitos mínimos necesarios para a admisión, segundo o previsto para as diferentes prazas no apartado A) destas bases e achegarse a documentación acreditativa dos méritos alegados na instancia para a súa valoración.

Deberán presentarse no rexistro municipal en horario de 9.00 a 14.00 horas (sábados 10.00 a 12.00 horas), no prazo de 5 días naturais que se contarán dende o día seguinte a aquel no que se publique o anuncio nun periódico de máxima difusión (tamén se publicará simultaneamente na sede electrónica do Concello e na web municipal).

Soamente será necesario presentar orixinal ou copia da documentación relativa aos requisitos mínimos necesarios para a admisión dos/das candidatos/s. Respecto aos méritos alegados será suficiente presentar copia simple da documentación, sen prexuízo de que o tribunal en calquera momento do proceso selectivo solicite a documentación orixinal ou compulsada se o considera oportuno.

En todo caso, ao final do proceso e antes do nomeamento do/a candidato/a comprobarase fehacientemente a veracidade dos requisitos e méritos presentados, mediante a presentación da documentación orixinal ou de copia compulsada dela.

9. Por razóns de urxencia e ante a necesidade de poñer en marcha dun xeito inmediato o servizos de





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es

sede electrónica: sede.abegondo.es

endereço electrónico: correo@abegondo.es

prevención e extinción de incendios poderanse concentrar nun solo acto as diferentes probas selectivas. En todo caso, a valoración de méritos dos/as candidatos/as presentados/as realizarase con carácter previo á realización das probas física e práctica e da entrevista. O tribunal poderá habilitar un prazo extraordinario para a subsanación de méritos, sempre que o considere necesario.

O resultado de tal baremación publicárase no taboleiro de anuncios do Concello en na páxina web do Concello (www.abegondo.es). Ese mesmo día e paralelamente á publicación dos méritos acadados polos/as candidatos/as, publicárase o lugar, o día e a hora en que terán lugar a proba de aptitud física e a/as probas prácticas, así como a entrevista que se realizará aos/as candidatos/as.

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego que se esixa (xeralmente celga 1 ou equivalente ou celga 3 ou equivalente no caso do/a xefe/a de brigada), os/as candidatos/as non serán excluídos/as por esta causa. O tribunal comprobará mediante a realización dunha proba ou exame oral, e que se realizará no mesmo acto, o coñecemento da lingua galega. A proba calificarase como apta ou non apta. No caso de ser calificado/a como non apto/a o/a candidato/a quedará automaticamente excluído/a.

10. Exercizo práctico e físico:

Por tratarse de prazas comprendidas no grupo de clasificación profesional B, C, ou correspondentes a Persoal de Oficios, este exercizo práctico consistirá nunha proba práctica relacionada coas funcións obxecto da praza a cubrir.

Para a proba práctica, disporase dun período máximo dunha hora. Puntuarase de 0 a 4, sendo necesario para superalo alcanzar un mínimo de 2 puntos.

Qualificarase de non apto a quen non obteña a puntuación mínima.

O exercicio físico consistirá nunha proba física de esforzo eliminatória avaliada por persoal cualificado.

11. Os tribunais terán a seguinte composición, de acordo co artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e normativa concordante:





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es

sede electrónica: sede.abegondo.es

endereço electrónico: correo@abegondo.es

Presidente.

Titular: M^a Belen Taboada Fiaño

Suplente: M^a Isabel Rodríguez López

Vogal 1.

Titular: M^a Teresa Villaverde Rodríguez

Suplente: M^a Jesús González Ulloa

Vogal 2:

Titular: M^a del Mar Carro López

Suplente: Celia Rivas Sampedro

Secretario

Titular: José Antonio Varela Doval

Suplente: Nieves Aradas Fuentes

Poderanse nomear asesores especializados segundo o obxecto das bases, que emitirán o corresponde informe, no caso de que se considere necesario para a correcta valoración dos méritos. Especialmente, o **persoal de deportes e de oficios do concello asesorarán nas probas físicas e prácticas.**

12. Nomeamentos. Non se efectuarán nomeamentos ata que o/a candidato/a proposto/a polo tribunal, presente, no prazo de 3 días naturais dende a publicación no taboleiro de anuncios do Concello da acta definitiva do tribunal, a seguinte documentación:

-Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.

-Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

-Declaración responsable de non estar incurso en situación de incompatibilidade segundo a Lei estatal 53/84, do 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas e o RD 598/85 que a desenvolve.

-Documentación orixinal ou copia compulsada dos requisitos mínimos e méritos achegados coa instancia (no caso de non tela presentada).

Para o caso de baixa ou renuncia da persoa nomeada, o Concello poderá substituíla polos seguintes candidatos da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección asinada polos membros do tribunal, tendo en conta que o prazo máximo da contratación será o fixado no contrato laboral temporal correspondente, realizado ó abeiro da subvención .

13. En todo o que non se recolla nas presentes bases, será de aplicación a normativa vixente en materia de selección de persoal ao servizo das Administracións Públicas e en concreto a normativa de selección de persoal da Administración Local. Asemade, aplicaráse, na medida que non contradiga a normativa





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es

sede electrónica: sede.abegondo.es

endereço electrónico: correo@abegondo.es

anterior, as bases xerais aprobadas polo Concello de Abegondo e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 275, do luns, 30 de novembro de 1998.

A) PRAZAS OFERTADAS

Composición da Brigada: 1 xefe/a de brigada. Ademais terá o carné de conducir B. 1 peón condutor co carné B. Catro peóns de brigada.

a) Prazas e titulación mínima:

1 xefe/a de brigada: Enxeñeiro/a de Montes, Enxeñeiro/a Técnico Forestal, técnico/a superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico/a en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. Ademais terá o carné de conducir B.

1 Peón condutor co carné B. Titulación: Non se precisa, polo que será suficiente con que presente o certificado de escolaridade ou o certificado de estudos primarios. Ademais terá que acreditar que posúe o carné de conducir B.

4 peóns de brigada. Titulación. Non se precisa, polo que será suficiente con que presente o certificado de escolaridade ou o certificado de estudos primarios.

b) Titulación mínima común : Galego celga 1 ou equivalente, agás no caso do/a xefe/a de brigada que deberá acreditar que dispón de Celga 3 ou equivalente

c) Duración do contrato: 15/07/2013 -14/10/2013, xornada a tempo completo de luns a domingo no horario que se determine conforme ás indicacións do Distrito Forestal que será, conforme o convenio de colaboración asinado, o departamento encargado de coordinar os servizos que presten as brigadas municipais adscritas ao convenio.

No caso de que non fose posible iniciar a contratación na citada data, o contrato realizarase tan pronto sexa posible nos días seguintes.

d) Retribucións:

(1) Xefe/a de brigada: 1.115,12 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras

(1) Peón condutor: 980,00euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras

(4) Peóns de brigada: 939,82 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras

e) Características do contrato:





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es

sede electrónica: sede.abegondo.es

endereço electrónico: correo@abegondo.es

Xefe/a de brigada (1)

- Tipo de contrato: obra ou servizo determinado
- Tipo de xornada: tempo completo (501)
- Coeficiente:1.-
- Grupo de cotización: 2
- Epigrafe: CNAE 2009 / ocupación d)

Peón conductor (1)

- Tipo de contrato: obra ou servizo determinado
- Tipo de xornada: tempo completo (501)
- Coeficiente:1.-
- Grupo de cotización: 8
- Epigrafe: CNAE 2009 / ocupación d)

Peóns de brigada (4)

- Tipo de contrato: obra ou servizo determinado
- Tipo de xornada: tempo completo (501)
- Coeficiente:1.-
- Grupo de cotización: 8
- Epigrafe: CNAE 2009 / ocupación d)

B) PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN: concurso de méritos e proba práctica e física conforme ao apartado E) xustificado nas características específicas e singulares dos postos de traballo.

C) FUNCIONES E TAREFAS OBJETO DA CONTRATACIÓN:

Conforme ao disposto na cláusula segunda do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia e o Concello de Abegondo, respecto á composición da brigada de prevención e defensa dispónse que “o Concello comprométese a dispor, en todo momento, dunha brigada efectiva composta de 6 membros por xornada de traballo, actuando un deles como responsable e coordinador do funcionamento das mesmas para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza o Concello”.

Conforme ao convenio de colaboración, as funcións da brigada de prevención e defensa implican en xeral o cumprimento de diversas tarefas que en síntese supoñen:

-Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais: As brigadas colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra os incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal onde se sitúe o concello, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais e





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es

sede electrónica: sede.abegondo.es

endereço electrónico: correo@abegondo.es

o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (en adiante Pladiga). Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados.

- Labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse.

Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreas forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido (cando unha certificación do concello acredite que non se dispón de información ou documentación que permita identificar ao seu propietario/a) así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos.

Os traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos, cun mínimo de 5 has nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional. Os restos procedentes destes traballos trituraranse mecanicamente, ou no caso de que non fora tecnicamente posible, poderán quedar acordados.

Polo tanto en materia de prevención de incendios realizaranse labores encamiñados a diminuír o risco de propagación e minorar os danos dos incendios forestais, no caso de producirse.

D) COÑECEMENTO DE GALEGO:

Conforme establece o artigo único da Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo (modifícase o artigo 35º do citado Decreto Legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia), nas probas selectivas que se realicen, incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Neste caso o coñecemento da lingua galega, como requisito previo á valoración de méritos do concurso, quedará acreditado coa presentación por parte do/a candidato/a da certificación de estar, cando menos, en posesión do Celga 1 ou equivalente (celga 3 ou equivalente no caso da praza de xefe/a de brigada)

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego esixida (celga 1 ou no caso da praza de xefe/a de brigada celga 3), os/as candidatos/as non serán excluídos por esta causa. Neste caso, realizarase no mesmo acto unha proba oral que acredite o coñecemento da lingua galega facendo constar na acta o resultado de dita proba.

O tribunal, contará co asesoramento da normalizadora lingüística do Concello e cualificará ao aspirante como apto/a ou non apto/a. No caso de ser cualificado/a como non apto/a, xa non se valorarán os méritos.





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es

sede electrónica: sede.abegondo.es

endereço electrónico: correo@abegondo.es

E) CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL. CONCURSO

No concurso, realizarase a baremación de méritos conforme ás seguintes consideracións ou puntuacións:

..Experiencia:

Experiencia profesional en traballos directamente relacionados coas funcións da praza:

0,05 pto/mes servizos prestados en empresas privadas ata un máximo de 1 punto.

0,10 pto/mes servizos prestados noutras administracións públicas ata máximo 1 punto.

0,15 pto/mes servizos prestados en concellos ata un máximo de 1 punto.

A puntuación máxima do apartado de experiencia será de 2 puntos

..Formación:

Cursos directamente relacionados coas funcións da praza

Cursos a partir de 20 horas. - 0,10 puntos por curso ata un máximo de 1 punto.

Cursos a partir de 100 horas.- 0,20 puntos por curso, ata un máximo de 1 punto.

A puntuación máxima do apartado de formación será de 2 puntos

..**Proba práctica:** poderá ter unha puntuación máxima de 4 puntos

..**Proba física de esforzo** eliminatoria (apto ou non apto)

..**Entrevista:** poderá ter unha puntuación máxima de 2 punto.

A puntuación total ou final será como máximo de 10 puntos.

Para o caso de que dous ou máis candidatos/as acaden a mesma puntuación total ou final, prevalecerá en primeiro lugar aquel/a que obteña a maior puntuación na proba práctica e en segundo lugar prevalecerá o/a candidato/a que acade unha maior puntuación no apartado de experiencia profesional en traballos directamente relacionados coas funcións da praza e por último, se aínda prevalece o empate, seleccionárase ao/a candidato/a que acade unha maior puntuación no apartado de formación ou cursos directamente relacionados coas funcións da praza en cuestión.





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es

sede electrónica: sede.abegondo.es

endereço electrónico: correo@abegondo.es

Abegondo a 27 de xuño de 2013

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

